	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión.</li> <li>- Presentación coidada</li> <li>▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>- Utilización adecuada da ortografía da oración.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.5. Funcións comunicativas:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Falar de experiencias</i></li> <li>- <i>Contrastar e falar sobre diferenzas</i></li> <li>- <i>Describir imaxes</i></li> <li>- <i>Falar de plans.</i></li> </ul> </li> <li>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Os sentidos</i></li> <li>- <i>Colocacións.</i></li> <li>- <i>Expresión sociais.</i></li> <li>- <i>Adxectivos cualificativos</i></li> </ul> </li> <li>▪ Estructuras sintáctico discursivas:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7</li> <li>▪ B5.9.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.5</li> <li>▪ PLEB5.6</li> <li>▪ PLEB5.7</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas</li> <li>▪ Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</li> <li>▪ Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA</li> <li>▪ EOE</li> <li>▪ CL</li> <li>▪ EC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba escrita.</li> <li>▪ Observación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba escrita (exame de vocabulario e gramática) : 10 (1,5 puntos/10)</li> </ul> <p><b>Observación global : 20%</b></p> <p><b>TOTAL: 100% Puntuación sobre 10.</b></p>



Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO

3ª Avaliación

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Xerundios e infinitivos.</i></li> <li>- <i>Repaso de estruturas.</i></li> </ul>							

A distribución de unidades a desenvolver por trimestre ven marcada polo calendario escolar. Polo tanto, en tódolos cursos se fará da mesma maneira sempre e cando non haxa incidencias nin imprevistos.

<b>1ª avaliación</b>	<b>Unidades 1, 2 e 3</b>
<b>2ª avaliación</b>	<b>Unidades 4, 5 e 6</b>
<b>3ª avaliación</b>	<b>Unidades 7, 8 e 9</b>

#### TEMPORALIZACIÓN DE ENGLISH IN USE 1.

Por termo medio, cada unidade (**nove**) necesita un mínimo de 10 a 12 sesións de 50 minutos cada unha. Dentro desa programación temporal de cada unidade e segundo as circunstancias de cada grupo ou o devir do curso escolar será necesario adaptar esta temporalización.

<b>UNIDADE</b>	<b>Aprox. N.º Sesións</b>	<b>Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)</b>	<b>Notas e observacións</b>
Getting started	5	3-5 horas	
1: They're famous	10	10-11 horas	
2: At Home	10	10-11 horas	
3: Teen trends	11	10-12 horas	
4: Great Holidays	10	10-12 horas	
5: All about Sport	10	10-12 horas	
6: Amazing Animals	11	10-12 horas	
7: It's a celebration	12	10-12 horas	
8: Changing the World	11	10-12 horas	
9: Going Out	12	10-12 horas	
<b>TOTAL</b>	e.g approx 104	93-115 horas	

### TEMPORALIZACIÓN DE NEW ENGLISH IN USE 2

Por termo medio, cada unidade (**nove**) necesita un mínimo de 10 a 12 sesións de 50 minutos cada unha. Dentro desa programación temporal de cada unidade e segundo as circunstancias de cada grupo ou o devir do curso escolar será necesario adaptar esta temporalización.

UNIDADE	Aprox. N.º Sesións	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)	Notas e observacións
Getting started	5	3-5 horas	
1: At School	10	10-11 horas	
2: In the News	10	10-11 horas	
3: Seeing the world	11	10-12 horas	
4: Everyday Life	10	10-12 horas	
5: It's a crime	10	10-12 horas	
6: Going Green	11	10-12 horas	
7: Living your Life	12	10-12 horas	
8: Healthy Choices	11	10-12 horas	
9: Shopping Spree	12	10-12 horas	
<b>TOTAL</b>	e.g approx 104	93-115 horas	

### TEMPORALIZACIÓN DE ENGLISH IN USE 3

Por termo medio, cada unidade (**nove**) necesita un mínimo de 10 a 12 sesións de 50 minutos cada unha. Dentro desa programación temporal de cada unidade e segundo as circunstancias de cada grupo ou o devir do curso escolar será necesario adaptar esta temporalización.

<b>UNIDADE</b>	<b>Aprox. N.º Sesións</b>	<b>Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)</b>	<b>Notas e observacións</b>
Getting Started	5	3-5 horas	
1: Home and Away	10	10-11 horas	
2: What a Journey	10	10-11 horas	
3: Achievements	11	10-12 horas	
4: A Plate of Food	10	10-12 horas	
5: Holiday Time	10	10-12 horas	
6: Being a Friend	11	10-12 horas	
7: Fighting Crime	12	10-12 horas	
8: Animal Planet	11	10-12 horas	
9: Innovations	12	10-12 horas	
<b>TOTAL</b>	e.g approx 104	93-115 horas	

#### TEMPORALIZACIÓN DE NEW ENGLISH IN USE 4

Por termo medio, cada unidade (**nove**) necesita un mínimo de 10 a 12 sesións de 50 minutos cada unha. Dentro desa programación temporal de cada unidade e segundo as circunstancias de cada grupo ou o devir do curso escolar será necesario adaptar esta temporalización.

UNIDADE	Aprox. N.º Sesións	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)	Notas e observacións
Getting Started	5	3-5 horas	
1: Taking Risks	10	10-11 horas	
2: Kings and Queens	10	10-11 horas	
3: It's a Mystery	11	10-12 horas	
4: Living Together	10	10-12 horas	
5: Made for You	10	10-12 horas	
6: Saving our Planet	11	10-12 horas	
7: Be Healthy	12	10-12 horas	
8: Making Sense	11	10-12 horas	
9: Bridge to the Future	12	10-12 horas	
<b>TOTAL</b>	e.g approx 104	93-115 horas	

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

### 5.1 Bases metodolóxicas principais

Cando falamos sobre o método estémonos a referir ó xeito no que organizamos as actividades e os recursos. A idea dun único método que sea útil para todos os contextos e alumnado é difícil de establecer, por iso precisamos determinar cómo imos organizar o proceso de ensinanza.

Esta programación está baseada nos principios para a ensinanza da lingua inglesa establecidos no Real Decreto 86/2015 que seguindo o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas establece como punto de partida a consideración das linguas como vehículo de comunicación en diferentes tarefas basadas na vida real. O alumnado debe interactuar oralmente ou por escrito por medio de actividades diseñadas para tal fin.

### **AS BASES METODOLÓXICAS DESCRITAS A CONTINUACIÓN TRATARÁN DE SER LEVADAS A CABO AÍNDA QUE SE PRODUZA UN CAMBIO DE ESCENARIO.**

- **O alumnado é o centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe**, considerando as súas necesidades comunicativas, os seus coñecementos previos, o seu ritmo de aprendizaxe así coma a súa capacidade de auto avaliación.
- **O docente** actúa como guía ou orientador do proceso de aprendizaxe, supervisando o traballo individualmente e ofrecendo “feedback” para axudar ó alumnado a entender os erros e así evitalos no futuro.
- **Situacións comunicativas reais**, empregando recursos e materiais ligados ós intereses dos alumnos e os posibles contextos de uso futuro. Traballaremos seguindo o **enfoque por tarefas e proxectos**. O alumnado terá a súa disposición textos auténticos e adaptados de tal xeito que poidan empregar a lingua para a tarefa deseñada.
- Traballaremos **as catro destrezas de xeito integrado xunto coas convencións sociais e culturais** que debemos coñecer cando estudiamos unha lingua. Promovemos deste xeito unah actitude plurilingüe e multicultural.
- As **actividades** están pensadas e deseñadas tendo en conta o noso obxectivo: que os nosos estudantes acaden **a competencia lingüística** para o seu nivel. Con tal obxectivo, empregaremos diversas técnicas de aprendizaxe, dende a **gamificación** ata a chamada “**Flipped classroom**”. Ambas serán claves para o desenvolvemento do **traballo cooperativo**.
- Ditas **actividades atenden os diferentes perfís de alumnado** posto que aprenden de formas e ritmos diferentes. Nesta programación de aula existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense **actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento**.
- A **aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de

aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das tarefas do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

En base a todo ó exposto anteriormente esta programación contribúe a desenvolver os seguintes aspectos:

- **Aprendizaxe cooperativo: o traballo en grupo (este curso volvemos traballar en grupo na aula de inglés)** é a base para lograr dita cooperación. Traballando en grupo facilitamos a integración de tódolos ritmos, necesidades e estilos de aprendizaxe.
- A práctica das **destrezas lingüísticas**:
  - ❖ Receptivas: comprensión oral e escrita e tamén Productivas: expresión oral e escrita (expresión e interacción).
- **Traballo por proxectos**:
  - ❖ Empregarase o inglés de xeito creativo e persoal, para ter unha sensación real do progreso. Traballaremos 1 proxecto por trimestre e nivel. Basarémonos nos libros de lectura seleccionados para o curso: “*All about Britain*” 1º ESO, “*All about USA*” 2º ESO, “*All about Ireland*” 3º ESO e “*All about South Africa*” 4º ESO.  
Os proxectos tratarán aspectos da **historia, xeografía e cultura** do país en cuestión. O alumnado debe preparar unha **presentación oral individual** sobre o tema que lle corresponda para ese trimestre.
- **Aprender a aprender**:
  - ❖ Desenvolver estratexias de aprendizaxe que lles permitan ser mellores aprendices, máis eficaces e autónomos, e mellores usuarios dunha lingua estranxeira.
  - ❖ Usar o dicionario formato papel ou online para buscar o significado de palabras.
  - ❖ Usar as seccións de gramática dos libros para comprobar cuestións gramaticais.
  - ❖ Tratar de corrixir os erros solos, antes de recorrer ó profesor, que lles dará a resposta axeitada.

A metodoloxía didáctica trata, na medida do posible, de desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que estes asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquiren o vocabulario básico necesario para comunicarse.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Dende o departamento queremos que o alumnado se atope na aula con situacións de comunicación reais que supoñan un reto de aprendizaxe para eles. Polo tanto, empregaremos todo o material auténtico que poidamos para que se familiaricen co uso da lingua na vida real. Para tentar acadar este obxectivo faremos un uso extenso das **TICs** tanto **dentro como fóra da aula (é dicir, na casa)**. **Este curso** seguiremos a reforzar a formación do alumnado no uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación para desenvolver unha mellora da súa **competencia dixital**.

- A **aula virtual do centro** será o **medio de comunicación coas familias** no caso dun escenario virtual.

Alí o alumnado tamén atopará un enlace o seu espazo virtual na plataforma EDMODO.

- **Aula virtual en EDMODO** para cada grupo. Na data desta programación (27/09/2021) todo o alumnado está informado da obriga de rexistrarse no seu curso correspondente e contan xa cun código de rexistro. Nos tres posibles escenarios, este espazo de traballo terá funcións ben diferenciadas:

**Escenario 1 (presencial):**

Espazo para a práctica adicional dos contidos traballados na aula física; entrega de deberes; grupos de traballo; autoavaliación e comunicación entre alumnado e profesora.

**Escenario 2 (semipresencial):**

Espazo para que o alumnado que non asista as aulas, ben por estar en cuarentena ou ben porque as autoridades competentes decidan dividir os períodos lectivos presenciais, poida ter acceso a todo aquel material coa cal estamos a traballar presencialmente (incluíndo enlaces, arquivos, fotos, etc). Canle de comunicación entre alumnado e docente.

**Escenario 3 (virtual):**

Será a nosa ferramenta de traballo a diario. Todo o material adicional ó uso do libro de texto, estaría enlazado ou subido a este espazo. Canle de comunicación entre alumnado e docente.

- **Plataformas de aprendizaxe como Kahoot, LearningApps ou MyClassgame** para que a gamificación sexa unha realidade no noso proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- A **pizarra dixital** como ferramenta que nos ofrece múltiples oportunidades: compartir e debater información así como participar de actividades multimedia, tarefas e probas interactivas.

Ademáis seguiremos a empregar **materias tradicionais** como poden ser: cancións, posters, flashcards, tarxetas e xogos para que a aprendizaxe sexa unha experiencia positiva.

Haberá un **libro de lectura obrigada** que se lerá na CASA dende a primeira avaliación ata o remate do libro. Estes libros, mencionados na páxina anterior, serán empregados para a elaboración de **tres proxectos interculturais** que versan sobre a xeografía e historia, sobre as celebracións e sobre as mulleres que destacaron na historia do país de lingua inglesa seleccionado para o nivel.

**Dicionarios:** Este curso ó non poder compartir materiais, o alumnado deberá traer o seu propio dicionario en formato papel ou no seu defeto, en soporte dixital, a través do teléfono móbil.



## 7. AVALIACIÓN

Seguindo a **ORDE do 2 de marzo de 2021** (LOMLOE) pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, atendemos os seguintes aspectos da avaliación:

### 7.1 Criterios xerais

Dende a experiencia do curso 2019-2020, coa interrupción das clases, consideramos a reorganización dos estándares de aprendizaxe ofertados na lei coma a mellor opción. Deste xeito, vanse traballar diferentes estándares por trimestre, e nalgúns casos repítense dun trimestre a outro, dende o primeiro, ou do segundo ao terceiro.

Tal e como se reflicte nas táboas do desenvolvemento curricular (punto 4) e tendo en conta o carácter progresivo e acumulativo da materia, evidénciase o patrón seguinte:

- 1º Trimestre con menor número de estándares traballados repetiránse no segundo e terceiro coa **ponderación seguinte: 25%+25%+50%**. Entendemos que a medida que avanza o curso o alumno debe adquirir maior grado competencial aumentando o abano de estándares a manexar ao finalizar o curso.
- No caso de non obter o GCM (Grado de Consecución Mínima) durante un dos trimestres, terán a oportunidade de recuperalos no segundo e terceiro trimestre (avaliación continua).
- Se o alumnado non alcanza o GCM durante o período de avaliación ordinaria, poden presentarse a **proba extraordinaria a celebrar este curso durante os días 20-21 de xuño**, dacordo coas condicións que o centro considere (proba presencial ou virtual).
- **Cada bloque de estándares debe ser superado POR SEPARADO**, é dicir, o alumando terá que chegar ao GCM por bloques. Se algún dos bloques non é superado, **o alumando non alcanza a nota mínima do 5 global para superar a materia**; xa que non se poden facer medias aritméticas de destrezas diferentes da mesma materia.
- Dende o principio o alumnado estará informado dos instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Así mesmo debe saber que:
  - O feito de non presentarse a unha proba prevista e anunciada previamente (sexa presencial ou virtual) terá que ser debidamente xustificada e debe obedecer a un motivo razoable. Dado que a nota final trimestral non se obtén só nesta proba senón do traballo diario da clase mediante rúbricas, listas de cotexo, tarefas e proxectos, o docente pode considerar a non repetición das probas.
  - O alumando sorprendido copiando, automaticamente anúlase o exame e a cualificación corresponderá a un "0".
  - Pode ser motivo de avaliación negativa unha conducta que altere a convivencia da clase.
  - Tamén pode ser motivo de avaliación negativa a non traer o material necesario de maneira reiterada.

**ESTES CRITERIOS XERAIS SERÁN DE OBRIGADO CUMPLIMENTO EN CALQUERA DOS TRES ESCENARIOS POSIBLES, SALVO QUE AS AUTORIDADES COMPETENTES DETERMINEN O CONTRARIO**

## 7.2 Procedemento de avaliación inicial.

A proba de avaliación inicial **consistirá nunha proba escrita e oral que avaliará estándares de tódolos bloques.**

**Os resultados desta avaliación inicial xunto coa observación do traballo de clase durante os primeiros días** aportan información para adaptar a programación á realidade de cada grupo: se é un grupo pouco numeroso, se hai pouca motivación, posibles condutas que alteren a convivencia ou a maneira de traballar, timidez, etc.

Agardaremos a ter a información da avaliación inicial para determinar que alumnos teñen NEAE e que precisan algún tipo de adaptación ou agrupamentos flexibles.

## 7.3 Procedemento de avaliación continua e criterios de cualificación.

Ao longo de cada avaliación realizaranse distintas probas escritas, tanto de comprensión como de produción, así como de comprensión (*listening activities*) e expresión oral (*monologues, oral presentations*). Empregaranse todo tipo de **ferramentas (rúbricas, listas de cotexo, probas escritas, orais,...)** e **todas elas terán o mesmo peso á hora de trasladar o traballo a unha nota numérica** (véxase táboa de criterios).

Realizarase **unha proba final por trimestre (EN TÓDOLOS ESCENARIOS POSIBLES)** que avaliará o conxunto de competencias e aprendizaxes traballadas nese período. **Esta proba contará como un dato máis na avaliación continua.**

Na **modalidade presencial** esta proba agrupará contidos de cada un dos bloques (expresións e comprensións orais e escrita e contidos gramaticais). Realizarase nas semanas previas a avaliación.

Na **modalidade virtual ou semipresencial (alumando confinado)** dita proba será de menor duración (**2 horas max**), aínda que tamén agrupará contidos de tódolos bloques. No caso da **expresión oral**, o alumando debe **gravar un monólogo** sobre un tema proposto polo docente e enviar dita grabación para a súa corrección.

## Criterios de cualificación

Considérase aprobada a materia de inglés en cada avaliación se o alumno alcanza a nota mínima do 5 global. As porcentaxes asignadas ás distintas partes, destrezas e competencias son, para tódolos grupos e tódalas avaliacións, as seguintes:

COMPETENCIA	DESGLOSE	VALOR	
		ESCENARIO PRESENCIAL	ESCENARIO SEMI OU VIRTUAL
<b>Comunicación lingüística (CCL)</b>	Listening 15% Reading 15% Speaking 15% Writing 15% Grammar and vocabulary 10%	<b>70%</b>	<b>70%</b>
<b>Aprender a aprender (CAA)</b>	❖ Autonomía para o uso de dos recursos (internet, dicionarios, manuais, etc) ❖ Uso da lingua na aula ❖ Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe	<b>10%</b>	<b>10%</b>
<b>Dixital (CD) e Conciencia e expresión cultural (CCEC)</b>	❖ <b>Traballo cooperativo (en grupos, via EDMODO ou aula virtual)</b> ❖ Proxectos interculturais ( <b>manexo das ferramentas web</b> e coñecementos dos aspectos máis relevantes da cultura anglo-saxona)	<b>10%</b>	<b>20%</b>
<b>Sociais e cívicas (CSC)</b>	Ser tolerante coas diferentes opinións dos compañeiros Saber dialogar nos grupos de traballo	<b>10%</b>	Non se traballan nestes escenarios

#### **7.4 Procedemento de avaliación extraordinaria.**

Seguindo a **ORDE do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, este curso **as probas da avaliación extraordinaria deben realizarse entre o 20 e o 22 de xuño.**

**Polo tanto, aquel alumnado que non acade o grado mínimo de consecución durante o curso, terá que preparar a materia nos días posteriores a avaliación ordinaria e presentarse á proba extraordinaria a celebrar entre o 20 e 21 de xuño de 2021.**

A proba extraordinaria basearase na avaliación das competencias clave, pero como nos teremos datos da Competencia Dixital, Aprender a Aprender ou Social e Cívica con dita proba, a nota será a acadada na **competencia lingüística** coa seguinte modificación nos criterios:

**Listening 25% // Speaking 25% // Reading 25% // Writing 25%**

#### **7.5 Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.**

Os alumnos que non superen o curso nas probas ordinarias nin nas extraordinarias terán que volver presentarse a unha proba durante o curso seguinte.

No caso desta materia, na que a avaliación continua é indispensable, os alumnos poderán aprobar sen necesidade de facer unha proba específica sempre que aproben a avaliación sumativa **nos dous primeiros trimestres** do seguinte curso e teñan unha avaliación formativa positiva.

No caso de alumnos que non superen a avaliación formativa ou a sumativa nos dous trimestres do curso seguinte será necesario facer unha **proba extraordinaria, xeralmente no mes de maio** e convocada polo departamento con antelación suficiente, para superar a materia. \* **NUN POSIBLE ESCENARIO VIRTUAL, AS PROBAS SERÁN ONLINE.**

Os alumnos coa materia pendente recibirán reforzo en forma de fichas e pequenas titorías nas horas de biblioteca ou cando eles e a profesora dispoñan de tempo para poder facer as aclaracións pertinentes.

### **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Os procesos de avaliación teñen por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos mesmos de ensino. A información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores dispoña de información relevante co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións respecto diso.

Polo tanto, será necesario contrastar a información obtida dos resultados da avaliación continua dos alumnos coas intencións educativas que se pretenden e co plan de acción para levalas a cabo. Avalíase por tanto, a programación do proceso de ensino e a intervención do profesor como animador deste proceso, os recursos utilizados, os espazos, os tempos previstos, a agrupación de alumnos, os criterios e instrumentos de avaliación, a coordinación... É dicir, avalíase todo aquilo que se circunscribe ao ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe.

Os aspectos máis significativos no desta avaliación son:

- 1) A práctica docente no contexto da aula. O deseño e desenvolvemento das unidades didácticas e a adecuación das adaptacións realizadas para grupos de alumnos concretos.
- 2) A ambiente da aula e todo aquilo que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe: organización, espazos e agrupamentos.
- 3) A actuación persoal de atención aos alumnos.
- 4) A coordinación con outros mestres que interveñen no mesmo grupo de alumnos.
- 5) A comunicación cos pais.

Utilizaremos as táboas que se amosan a continuación para levar un rexistro da actividade docente.

	<b><u>Actividades na aula.</u></b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>1</b>	<b>Os alumnos e alumnas traballan...</b>				
	- De forma individual				
	- En parellas				
	- En grupos reducidos				
	- En grupos grandes				
<b>2</b>	<b>As tarefas que facemos son...</b>				
	- Cerradas, dirixidas ou dos libros de texto.				
	- Abertas, baseadas en proxectos.				
	- Facilitan o traballo colaborativo				
<b>3</b>	<b>Na metodoloxía que aplico...</b>				
	- Utilizo ferramentas TIC.				
	- Propoño actividades que facilitan a autonomía.				
	- Uso as ideas do libro.				
<b>4</b>	<b>Como paso as horas lectivas...</b>				
	- Mandando calar.				
	- Explicando.				
	- Respondendo a preguntas, fomentando a participación.				
	- Observando				
	- Corrixindo ós alumnos individualmente ou en grupo.				

	<b><u>Avaliación</u></b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>1</b>	<b>Antes de ver una unidade...</b>				
	- Explico en que consistirá a avaliación				
	- Informo sobre os contidos mínimos que teñen que acadar para superar a unidade				

	- Incido nos aspectos máis relevantes para a avaliación.				
	- Informo da data na que faremos a probas				
<b>2</b>	<b>Utilizo diversos tipos de probas...</b>				
	- Probas escritas e orais.				
	- Traballos individuais..				
	- Traballos en equipo.				
	- Actividades lúdicas con regularidade.				
<b>3</b>	<b>Cando remato a unidade avalío o proceso de ensino...</b>				
	- De maneira individual.				
	- Cos alumnos				

	<b><u>Diversidade.</u></b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>1</b>	<b>Que fago para coñecer a composición da clase...</b>				
	- Proba individual inicial escrita.				
	- Observación do traballo en grupo ou parellas.				
	- Ler informes de cursos anteriores.				
	- Ver resultados de avaliacións anteriores.				
	- Falar ca profesora do ciclo anterior.				
<b>2</b>	<b>Teño en conta a diversidade...</b>				
	- A hora de organizar a clase e crear os grupos.				
	- Na programación.				
	- Individualmente.				
<b>3</b>	<b>Nas probas uso exercicios...</b>				
	- De distintos niveis.				
	- De distintos tipos.				
	- De distinta duración.				
<b>4</b>	<b>Cando os alumnos se van quedando atrás...</b>				

	<b><u>Programación</u></b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>1</b>	Consulta a programación durante o curso e fago as modificacións necesarias.				
<b>2</b>	O comezo de cada unidade reviso a programación para adecuar a miña tarefa aos obxectivos marcados.				
<b>3</b>	Informo aos alumnos dos obxectivos, competencias e estándares de aprendizaxe.				

## **9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

Desde unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados.

1. O primeiro deles convídanos, tras a súa planificación e previamente ao seu desenvolvemento e aplicación en unidades ou proxectos de traballo, a testear a inclusión, idoneidade e pertinencia de todos os elementos curriculares prescriptivos.
2. O segundo momento alude á reorientación continua que a aplicación na aula da programación pode achegar sobre os procesos de implementación. Instrumentos de avaliación como o caderno ou diario do profesor, achegarán consideracións, xuízos, ou suxestións, que logo serán obxecto dunha máis profunda reflexión ao final do proceso avaliador. As opinións do alumnado a través das súas autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino e aprendizaxe.
3. Por último, será ao final do proceso, tras a aplicación real da programación, cando teñamos unha perspectiva máis global que se completará cos resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado. A conxunción dos tres momentos xera información fiable e válida suficiente para emitir xuízos de valor que dean soporte á función formativa da avaliación e permitan reconducir, tomar decisións e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha



<b>FICHA DE AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>	
0= non se contempla 1= contéplase de forma parcial 2= ben 3= excelente	
<b>OBXECTIVOS</b>	
Inclúense os obxectivos xerais da materia e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CA) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo do curso	
<b>COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expoñer a contribución da materia ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a materia estratexias de animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para utilizar as TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe	
<b>CONTIDOS</b>	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e atitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivadoras para o alumnado	
<b>AVALIACIÓN</b>	
Inclúense os CA da materia e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación dos CA do currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	

Para cada un dos CA indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos esixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	
Actividades de orientación e apoio encamiñadas á superación das probas extraordinarias	
Actividades de recuperación para os alumnos coa materia non superada en cursos anteriores e orientacións e apoios para lograr a devandita recuperación	
Información ás familias e ao alumnado dos CA, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	

<b>METODOLOXÍA</b>	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo do aprendizaxe	
Relevancia da aplicación práctica do coñecemento, da súa funcionalidade e utilidade para adquirir novas aprendizaxes	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos e funcionais para o alumnado	
Exponse interrelacións entre os contidos da materia e entre contidos de diferentes materias	
Equilibrio entre o traballo persoal e a cooperativo	
Adaptación dos principios básicos do método científico incidindo en actividades que permitan expor e resolver problemas e a procura, selección e procesamiento da información	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
Materiais e recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto do alumnado	
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coa unidades, temas ou proxectos nos que se van a traballar	
Medidas de atención á diversidade e inclusión das adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervéñ co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical: curso da etapa	
Actividades extraescolares e complementarias programadas polo Departamento	

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A pesares de ter grupos reducidos, existen diferencias no alumnado en canto a capacidades e nalgúns casos existen carencias educativas. Polo tanto, no que respecta á área de Inglés, avaliaremos estas carencias e tomaremos as medidas necesarias para axudalos na adquisición das competencias clave/básicas nesta etapa educativa.

Despois de feita a avaliación inicial poñeremos en común co resto de profesorado as conclusións ás que chegamos para poder logo decidir as medidas a tomar para cada alumno. Entre elas destacamos:

1. Establecer os **grupos de traballo na aula** de maneira que se fomente o **traballo cooperativo**, a resolución de problemas e a aprendizaxe significativa. Polo tanto, agruparemos alumnos moi capaces con outros que non o son tanto para que os primeiros poidan axudar ós segundos.
2. Tamén poderán traballar con fichas de reforzo ou ampliación que proporciona o propio libro de traballo e o libro do profesor, así como calquera outro material que sexa motivador e que o profesor considere necesario en cada caso.
3. Ademais, en coordinación co Equipo Orientador, realizaranse as **Adaptacións Curriculares** que se estimen oportunas. Este curso contamos cunha **adaptación no 1º curso da ESO (caso de síndrome de Down) e dúas adaptacións no 2º curso da ESO (un caso de trastorno do espectro autista e outro de grandes dificultades de aprendizaxe)**

Tanto no caso de síndrome de Down coma no caso do trastorno do espectro autista, dende o departamento de orientación en coordinación coa especialista en PT, decidiuse que estas alumnas estean na aula de PT durante as horas da materia, traballando coa especialista e o material adaptado para as súas necesidades.

A alumna co trastorno do espectro autista este curso traballará cun nivel de 2º de primaria, posto que acadou os obxectivos do curso pasado, marcados para unha adaptación de 1º de primaria. O material que se decidiu para ela é "**Inglés 1P-Adaptaciones Curriculares Básicas**" da editorial Serapis.

No caso do alumno con grandes dificultades de aprendizaxe, dende o equipo de orientación propónse manter unha adaptación para o nivel de 3º-4º de Primaria, nivel no que xa traballou o curso pasado sen acadar os obxectivos. O material recomendado é "**Inglés 3P-Adaptaciones Curriculares Básicas**" da editorial Serapis.

A alumna co síndrome de Down, na data desta programación, está a ser valorada polo equipo de orientación para determinar o seu nivel e preparar a adaptación que sexa necesaria.

## 11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Na data deste programación, dende o departamento non hai actividades extraescolares programadas.

## 12. CONCLUSIÓN

Esta programación é aberta, flexible e susceptible de ser modificada, estando suxeitas estas modificacións ás necesidades reais do alumnado, sobre todo tendo en conta que este curso a situación sanitaria vai condicionar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cada trimestre e ó final do curso, auto-avaliarase esta programación tendo en conta o grao de consecución de obxectivos e temporalización marcada, adecuación da metodoloxía en cada grupo, etc. Reflectiranse tódalas observacións nas actas de reunión do departamento e tamén na memoria final de curso para poder no vindeiro curso modificar os puntos que o precisen.

O propósito deste Departamento é conseguir que os alumnos/as adquiren un coñecemento básico da lingua que lles permita desenvolverse con relativa soltura en situacións cotiás. Daremos, así pois, grande importancia ó desenvolvemento das destrezas oral (speaking) e auditiva (listening) sen que isto implique descoidar a lectura (reading) e a escritura (writing) ou outros aspectos que contribúan á formación xeral e á maduración da personalidade do alumno/a, por medio do achegamento ás distintas culturas de fala inglesa.

Ademáis, este curso faremos moito énfase no uso das TICs e consecuentemente na competencia dixital do alumando, tentando ampliar os seus coñecemntos e destrezas no día a día.

Do mesmo xeito, tratarase de fomentar o hábito de traballo no alumno/a e , por medio deste, desenvolver a súa capacidade de adaptación para traballar en equipo e relacionarse con outras persoas, dándolles oportunidades para que desenvolvan as súas iniciativas, orientándoos na súa futura vocación profesional e educándoos para que sexan corteses, emprendedores, responsables e críticas.

En Padrenda, a 27 de setembro do 2021

**A xefa do departamento**

ESTEFANÍA GARCÍA PIÑEIRO



